

ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS NO CONCELLO DE FERROL: PROCESO DE CAMBIO NA XESTIÓN PÚBLICA LOCAL

Manuel Santiago Pérez

Concelleiro delegado de Participación Cidadá. Concello de Ferrol
participacion@ferrol.es

INICIO DA EXPERIENCIA PILOTO



O Concello de Ferrol iniciaba unha experiencia piloto de "Orzamento Participativo" (OP) en 2009, en resposta a unha demanda cidadá e en cumprimento do plan de acción local; convertíase así na única urbe galega e nun dos 32 municipios españois, con poboación superior a 50.000 habitantes que abría ao debate social unha parte dos seus fondos municipais.



A diferenza da maior parte das localidades con Orzamentos Participativos en Ferrol abríanse todas as áreas funcionais á decisión cidadá e asemblearia, por importe de 2 millóns de euros entre 2009 e 2010. O proceso iniciábase, de forma experimental, en 5 barrios do municipio (en 2 parroquias rurais, San Xurxo e Doniños e en 3 zonas semiurbanas, San Pablo de Catabois, Santa Mariña e San Xoán de Filgueira). Estas zonas foron seleccionadas baixo criterios de solidariedade entre as entidades veciñais e o grupo de traballo que liderou a reforma do Regulamento de Participación Cidadá.

Para a execución da experiencia de Orzamentos Participativos creáronse varios espazos de participación, traballando a nivel cidadán (difundindo o proceso e capacitando á veciñanza) a nivel técnico (formando o persoal administrativo e persoal técnico e impulsando a transversalidade ademais do traballo conxunto dende cada departamento municipal xunto aos cidadáns participantes) e a nivel político (cos 5 grupos municipais representados na corporación, co ánimo de buscar o consenso e a aceptación do proceso)

Tanto nos primeiros meses de execución da experiencia piloto, como no ano seguinte ao seu inicio, en 2010, houbo unha alta intensidade ou "estrés da organización", chegaronse a celebrar ate 60 sesións de traballo en 10 meses; o proceso participativo foi moi vivo e con gran capacidade de influencia sobre a xestión municipal, os indicadores de transparencia, eficiencia e a rendición de contas.

Durante a experiencia piloto aprobáronse na fase asemblearia 14 proxectos de diferente natureza: promoción do sendeirismo, posta en valor do monte, parques biosaludables, actividades culturais e artísticas nos barrios, obras de saneamento, etc, e chegouse a finais de 2010 a un nivel de execución do 70% das iniciativas cidadás.



AMPLIACIÓN PROGRESIVA DO PROCESO

Durante 2010 os cinco barrios iniciais ampliáronse a nove, coa incorporación de dúas zonas urbanas (Covas e Esmelle) e dúas zonas urbanas (Ferrol Vello e Canido). A decisión de incorporar estes distritos foi tomada nun encontro en que participaron os grupos de traballo do proceso e entidades cidadás. Para o desenvolvemento do segundo ano do proceso, en que se intenta consolidar no territorio a iniciativa creáronse diversos espazos similares á experiencia inicial:

- **Grupo motor**, equipo de 50 persoas pertencentes aos barrios seleccionados, que presentaron a súa candidatura nas diferentes charlas informativas iniciais de presentación do proceso para dinamizar nas súas zonas e a través das diversas entidades sociais, informando do proceso (cómo participar, facer propostas, votalas, etc.). Elaboraron as normas de funcionamento e recibiron formación técnica sobre metodoloxías de participación cidadá.
- **Asembleas de zona**, espazos de debate e selección das propostas cidadás presentadas, nos que cada zona (agrupación de barrios) elixe as iniciativas que vai elevar á asemblea conxunta (ou asemblea de cidade).
- **Asemblea de cidade**, en que se elixen as propostas que serán elevadas ao Pleno da Corporación para a súa aprobación final (como parte do Orzamento municipal)
- **Mesas de propostas**, delegación das asembleas que aplica criterios de xustiza social.

- **Comisión técnica municipal**, conformada por persoal técnico e administrativo de cada un dos departamentos municipais, realiza os informes de viabilidade das propostas cidadás (técnica, xurídica e económica), calcula o custe das propostas viables para que poidan ser elevada á asemblea. Ademais, o persoal municipal diseña conxuntamente os proxectos, xunto á Comisión de Seguimento das Propostas, unha vez que son aprobadas.
- **Comisión de seguimento dos OP**, vela polo cumprimento das propostas aprobadas no proceso e elabora –xunto ao persoal técnico- os programas de actividades, aportando información para o deseño de dos proxectos elixidos na asemblea de cidade (lugar no que se seleccionan os membros desta comisión).



En 2011, a través dun Foro Cívico aberto á cidadanía elixiuse a continuidade do modelo de participación, en que se acorda ampliar á totalidade dos 22 barrios de Ferrol a experiencia de Orzamentos Participativos. Durante este ano a contía a debate social ascende ate 3 millóns de euros, superando o 5,5% do orzamento municipal.

ALGUNHAS CIFRAS DE PARTICIPACIÓN en 2010

- 1.130 persoas votantes rexistradas.
- 625 proponentes.
- 1.200 fichas recollidas (e 200 iniciativas unha vez ordenadas)

- 452 persoas en 4 asembleas de zona (56.8% mulleres; 56,4% da zona rural), cunha idade media de 56,5 anos.
- 301 asistentes á Asemblea de cidade (48,5% mulleres; 46,2% da zona rural) e cunha idade media de 54 anos.
- 25 propostas aprobadas na Asemblea de cidade: parques infantís e biosaludables, actividades de descentralización da cultura, biblioteca ambulante, puntos de información para persoas maiores, carrís bici, comedor social, recollida de fosas sépticas...

A DIFERENCIACIÓN DO MODELO PARTICIPATIVO DE FERROL

- Carácter aberto na toma de decisións:
 - En todas as áreas de xestión están abertas as partidas orzamentarias.
 - O modelo de participación é demandado en 2008 nun Foro Cívico e en 2011 decídese tamén nun espazo aberto a toda a cidadanía a ampliación a todos os barrios.
 - As propostas aprobadas nas asembleas son deseñadas conxuntamente entre a Administración (persoal técnico) e a cidadanía (comisión de seguimento)
- Contía económica de relevo.
- *Empoderamento* das mulleres nos espazos de traballo e paridade nos órganos.
- Boa cobertura mediática dende o inicio do proceso, situación que fornece e lle dá seguimento á iniciativa.
- Única cidade na comunidade autónoma galega que nace “dende abaixo”, sen referentes próximos.
- Ferrol pertence á “*Rede Estatal de Orzamentos Participativos*” dende 2009, o que lle permite un constante intercambio e transferencia de boas prácticas doutras localidades con experiencias participativas que deron comezo hai máis de 10 anos.
- Ferrol está a participar en dúas investigacións comparativas de carácter internacional, unha coordinada dende a *Diputación Provincial de Málaga* (en que se está a estudar a 36 municipios de España, Uruguai e República Dominicana) e outra dende o *IESA-CSIC* (na que son analizados 50 municipios do Brasil, EEUU, Francia, Alemaña e España)

PRINCIPAIS RESULTADOS E CONCLUSIÓNS

- As claves do éxito e a sostibilidade do proceso está na dinamización por parte do grupo motor, con capacidade para a autoconvocatoria e na rendición de contas da Administración, que traballa dun xeito máis transparente e incorpora prácticas transversais.
- Trátase dun proceso *autorregulado*, en que a cidadanía elabora as normas de funcionamento, que son adaptadas cada ano; *universal*, en que participan e votan as persoas maiores de 16 anos (as asociacións cumpren un papel de dinamización entre a cidadanía, non de

representación); *vinculante*, xa que as decisións cidadás son executadas (non é un simple proceso consultivo).

- O proceso de OP supón unha aprendizaxe en que a cidadanía se capacita para o debate e asume criterios de solidariedade entre barrios; a nivel técnico e político incorpora novas canles de comunicación coa veciñanza e ferramentas transversais de xestión, que se torna máis transparente e aberta.

